

BANDO

FÁTIMA ABAL ROMA. ALCALDESA DO CONCELLO DE CAMBADOS.

RECOMENDACIÓNS E ADVERTENCIAS PARA UN USO RESPONSABLE NO CONSUMO DA AUGA

DISPOÑO

Como consecuencia das escasas choivas deste ano e o elevadísimo consumo de auga que se produciu nos últimos meses no noso Concello, procedo a establecer un conxunto de recomendacións á cidadanía cambadesa, coa finalidade de reducir o consumo medio e evitar consecuencias negativas e prexudiciais que poderían afectar tanto a particulares, como a establecementos comerciais e industriais.

Por todo elo, recomendo o seu **uso responsable**:

*** para limpeza de fachadas, lavado de vehículos e outro tipo de limpeza que requiran grandes cantidades de auga.**

*** para o cheo de piscinas, xa sexan de obra, prefabricadas ou móbiles, empregar sistemas de limpeza como depuradoras, limpafondos ou similares, que non implique ter que enchelas novamente.**

*** para as regas de xardíns e cultivos, recoméndase proceder a unha única rega ao día, que debería realizarse preferentemente ao atardecer.**

En aras do interese público e aos efectos de non ter que tomar medidas máis restritivas, apelo ao civismo e solidariedade da veciñanza no uso da auga, continuando con todas as medidas necesarias, encamiñadas á utilización máis eficiente posible da mesma, reiterando consellos de aforro (busca de fugas, duchas en vez de baños, pechar as billas mentres non se utilicen, etc) xa coñecidos por todos e todas.

En Cambados a 10 de agosto de 2020.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

